



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA DE 21 DE XUÑO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Proxecto de lei de ordenación da minaría de Galicia

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da conexión da AC-164 co Centro de Recuperación de Minusválidos Físicos (Convenio CPTOPT – Concello de Bergondo)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime da taxa láctea

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual, ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, a orde pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a concesión de bolsas de formación en planificación e prospectiva en materia de igualdade de oportunidades no ámbito da ciencia.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para a realización do programa de atención a persoas xordas, xordo-cegas e persoas con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e o *Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR)*, para a execución do proxecto: Plan de apoio á Formación profesional dos pescadores artesanais de Centroamérica
- Acordo polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por un contía 3.540.002,45 euros para á execución da obra: "Mellora de accesos a Castrelo de Miño. Acondicionamento das estradas OU-402 Castrelo de Miño-Ponte Castrelo e OU-403 Castrelo-Valdepereira".
- Acordo polo que se lee outorga á entidade mercantil *Cubiertas de Pizarras Reunidas y Agrupadas de Exportación, S.L. (CUPIRE-PADESA)*, titular da explotación mineira *C.E. LA CAMPA N° 5367.2*, localizada no termo municipal de Folgoso do Courel, a autorización previa á licenza municipal, prevista na disposición transitoria décimo segunda da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro de 2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da prestación de servizos sanitarios que realizará o *Sanatorio Nosa Señora dos Ollos Grandes*, mediante procedemento negociado e tramitación ordinaria. (Expte. N° NG-SER4-07-007)
- Acordo polo que se autoriza a contratación da prestación de servizos sanitarios que realizará polo *Policlínico Lucense, S.A. (Polusa)*, mediante procedemento negociado e tramitación ordinaria. (Expediente n° NG-SER4-07-006)



- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración para o cofinanciamento de programas de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e concellos de Galicia

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe-resumo da liquidación do orzamento 2006

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia sobre o proceso da extinción das fundacións públicas sanitarias



A FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN, O PROXECTO GALICIA DE HÉRCULES DE EDICIÓN E O SEMANARIO A NOSA TERRA, GALARDOADOS COA MEDALLA CASTELAO 2007

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción*

O Goberno galego aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2007, coa que a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo no eido artístico, literario ou de calquera outra faceta da actividade humana. Deste xeito, o decreto aprobado hoxe acorda distinguir a Fundación Érguete-Integración, na persoa da súa presidenta, Carmen Avendaño; o Proxecto Galicia de *Hércules de Edicións*, na persoa do seu director e principal impulsor editorial, Francisco Rodríguez; e o semanario *A Nosa Terra*, na persoa do seu director, Alfonso Eiré, e con motivo do centenario da aparición da cabeceira, coa Medalla Castelao 2006.

FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

A *Asociación de Axuda ao Toxicómano Érguete* constituíuse no ano 1984, como iniciativa dun grupo de familias afectadas polo problema das toxicomanías. O aumento paulatino da demanda dos servizos deste organismo conclúe na creación dun Servizo de Información e Orientación Xurídico-Social e Reinserción do Toxicómano (SIORT), posto en marcha en 1989. Este Servizo posibilita unha atención especializada e profesional aos usuarios, canalizando todas as demandas das persoas, a nivel persoal, xurídico e socioaboral. Avánzase, deste xeito, na plena incorporación á sociedade das persoas que tiveron problemas de drogodependencia, e en xeral dos colectivos que sofren o problema de marxinación, e créase no ano 1999 a *Fundación Érguete-Integración*.

A Fundación pretende, polo tanto, ser o paso seguinte e o complemento ao traballo que durante dezasete anos leva realizando a *Asociación Érguete*. As dificultades que estes colectivos desfavorecidos teñen á hora de conseguir un emprego digno, sobre todo debido á escasa formación da que xeralmente dispoñen, é o que animou a Érguete a crear unha fundación a través da cal se proporcione unha formación o máis completa posible e, como obxectivo final, a completa integración social destas persoas.

PROXECTO GALICIA

O *Proxecto Galicia*, promovido por *Hércules de Edicións*, reúne figuras relevantes da intelectualidade galega (entre eles, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Fernando González Laxe, Xosé Manuel González Reboredo, Darío Villanueva Prieto, Francisco Javier Ríó Barja, Xulio Correa Corredoira, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Siro López Lorenzo e, ata o momento do seu pasamento –1996 e 2003 respectivamente–, Xosé



Filgueira Valverde e Domingo García-Sabell) e con máis de 42 tomos editados e as sete primeiras series a piques de rematar, constitúe un empeño editorial sen precedentes en Galicia.

O Proxecto Galicia é unha aposta pola divulgación enciclopédica do patrimonio cultural galego e inclúe tomos relativos á arte, á cartografía, ao ambiente, á literatura ou á historia de Galicia, entre outros eidos.

A carón do Proxecto, Hércules vén editando coleccións tan significativas como *Sempre no Camiño*, *Titor Hércules* (Programa de Educación Integral), *Galicia para soñar*, *Iter Stellarum* (A Gran Obra dos Camiños de Santiago), ou *Grandes Autores Galegos*, así como unha serie sobre cidades iniciada con Santiago de Compostela – que, baixo o lema "Para conocerte y no olvidarte", ten previsto analizar duascientas cidades de todo o Estado, ademais de numerosas obras de carácter lúdico e profesional.

Hércules de Edicións naceu en 1985 como un esforzo persoal do actual presidente do Consello de Administración da Sociedade, Francisco Rodríguez Iglesias, que pretende impulsar a cultura galega desde o mundo editorial. Para iso reúne solidamente un grupo de galegos ilusionados, procedentes do sector do libro, que se propuxeron, a través desta empresa, dotar Galicia dunha obra de carácter temático que afondará naquelas cuestións que definen a nosa Comunidade como un país singular: o *Proxecto Galicia*.

A NOSA TERRA

A Nosa Terra celebra este ano os 100 anos de vida e os 30 desde a súa reaparición en Galicia, logo de que a ditadura franquista obriga a esta publicación a exiliarse en Bos Aires. Por este motivo, o Goberno galego acordou concederlle este ano a Medalla Castelao.

O semanario apostou desde os seus inicios pola defensa da identidade nacional galega. A normalización do idioma foi un dos piares desta publicación, que acolleu nas súas páxinas a Antón Vilar Ponte, Luís Porteiro, Xoán V. Viqueira, Losada Diéguez, Ricardo Carballal, Iglesias Roura, Manuel Lugrís, Rodrigo Sanz, Xan Golpe, Moreno Barcia Castelao, Torres, Cebreiro ou Camilo Díaz, mentres que Amado Carballo e Manuel Antonio deron aos lectores da *Nosa Terra* as primicias da súa obra poética. Nómína que reflicte a capacidade da publicación ao longo do século XX para atraer as vangardas literarias e artísticas.

Ao longo da súa historia, *A Nosa Terra* manifestou un longo compromiso na defensa do idioma e da cultura galega atraendo a este proxecto as voces máis senlleiras do xornalismo e a literatura galegas.



Medalla Castelao

A Medalla Castelao foi creada en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, o 28 de xuño dese ano. O decreto de creación deste galardón sinala que a perfección, o simbolismo ou a transcendencia das obras e do labor dos premiados con este recoñecemento debe ser o froito da entrega dunha vida, e o reflexo dun traballo conscientemente realizado con entrega e con fe na cultura, na historia e no ser dun pobo.



O GOBERNO GALEGO APROBA A PRIMEIRA LEI GALEGA DA MINARÍA, CONSENSUADA COS AXENTES DO SECTOR

- *O Consello da Xunta deu o visto bo ao texto esta mañá, que agora será remitido ao Parlamento de Galicia*
- *A norma incorpora novidades de especial incidencia na ordenación do sector, como a creación do Rexistro Mineiro e do Consello Galego da Minaría*
- *Permitirá modernizar e simplificar a intervención administrativa, desenvolver a planificación mineira no marco da ordenación da economía e do territorio e promover a incorporación tecnolóxica orientada á sustentabilidade*
- *O Plan da Minaría de Galicia, previsto no texto da Lei, será o máximo instrumento de planificación da política mineira de Galicia e posuirá unha vixencia de cinco anos*
- *O Consello da Xunta poderá declarar como concellos mineiros aqueles en que exista unha dependencia da minaría para a súa economía*

O anteproxecto da Lei de ordenación da minaría de Galicia presentado o pasado ano pola Consellería de Innovación e Industria xa recibiu o informe dos distintos departamentos da Xunta e acadou un amplo consenso entre os axentes do sector da minaría do noso país. O texto será remitido ao Parlamento Galego para o seu debate logo da aprobalo o Consello da Xunta na súa reunión desta mañá. Esta lei regulará por primeira vez o sector no país e permitirá, entre outras cuestións, modernizar e simplificar a intervención administrativa, desenvolver a planificación mineira no marco da ordenación da economía e do territorio, a incorporación tecnolóxica orientada á sustentabilidade e peche da cadea de valor dos recursos mineiros e a participación na política mineira dos sectores sociais e económicos implicados.

A nova lei ten como ámbitos de actuación a exploración, investigación, explotación e aproveitamento dos recursos minerais e demais recursos xeolóxicos situados en Galicia; o aproveitamento de recursos xeotérmicos e de formacións xeolóxicas superficiais ou subterráneas; a preparación para a venda dos minerais e recursos extraídos; a xestión dos residuos producidos nas actividades extractivas; a recuperación ambiental dos terreos afectados por labores mineiros así como as condicións e requisitos do abandono da actividade mineira; e a actividade administrativa de apoio para a mellora e innovación nas actividades mineiras co fin de diminuír o seu impacto e a valorización integral dos recursos producidos na procura do peche produtivo.

Cómpre subliñar que esta lei exerce por primeira vez a competencia en materia de minaría da Administración galega con formulación formal da organización administrativa, cando ata o de agora se viñan exercendo estas competencias sen esta formulación, facendo unha simple aplicación da norma do Estado (Lei de minas do ano 1973). Así mesmo, créase o Rexistro mineiro de Galicia, que será público e no



que se inscribirán todos os dereitos mineiros autorizados ou concedidos no territorio galego. De igual xeito crease tamén o Consello Galego da Minaría, un órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento onde estarán representados os concellos mineiros, as organizacións sindicais, agrarias e empresariais representativas do sector, as asociacións de defensa da natureza, as comunidades de montes en man común e a cámara mineira.

A nova Lei de ordenación da minaría de Galicia incorpora tamén outras novidades salientables como a regulación dun procedemento integral para a autorización ou concesión dos dereitos mineiros. A novidade radica fundamentalmente na entrada dos informes preceptivos de concellos, Urbanismo, Medio Rural e Medio Ambiente, que se estende igualmente aos permisos de investigación. Introdúcense tamén limitacións na concesión de cuadrículas, tanto en exploración como en investigación, para evitar que se produzan disfuncións ou fraudes ao respecto do que é unha investigación ou unha exploración. Cómpre sinalar tamén que en virtude desta lei o concurso de dereitos mineiros poderase declarar deserto, algo que non sucede coa lei estatal, que obriga a conceder os dereitos a algún dos concursantes. Nesta liña tamén se regula a garantía financeira para desenvolver a explotación dos dereitos nun marco de garantía ambiental e de responsabilidade civil.

Minaría sustentable coa ordenación do territorio

Segundo a nova norma, o Plan da minaría de Galicia será o máximo instrumento de planificación da política mineira. Cunha vixencia de cinco anos, desenvolverá os eixes básicos de actuación administrativa no sector, establecerá as bases do desenvolvemento dunha minaría sustentable compatible coa ordenación do territorio e o ambiente, e promocionará a investigación, a innovación e o desenvolvemento do sector para introducir a mellora tecnolóxica e a diversificación económica.

Novidade nesta nova Lei da minaría é que o Consello da Xunta, por solicitude dos concellos afectados, pode declarar como concellos mineiros aqueles en que exista ou existirse unha dependencia da minaría para a súa economía. Deste xeito, os concellos declarados mineiros serán obxecto de medidas e plans de actuación específicos, de acordo coas previsións do Plan da minaría de Galicia, de adaptación das infraestruturas ás súas necesidades, de mellora ambiental e seguridade e de diversificación do seu tecido produtivo.

Por último, a lei incorpora dous puntos máis de especial relevancia: o de fomento da minaría (no cal o Plan Estratéxico de Incentivos Económicos definirá a política de axudas e subvencións da Consellería de Innovación e Industria) e o de disciplina mineira (no cal se establece o réxime sancionador e de inspección para as actividades no sector, cunha clara aposta pola transparencia, ao poder dar a coñecer os datos das infraccións, os seus responsables e as sancións).



Fomento da minaría

Paralelamente, establécense principios xerais sobre a fomento, por parte do Goberno galego, do desenvolvemento da I+D+i no sector, da formación e capacitación dos traballadores, das axudas e incentivos económicos e a potestade do Consello da Xunta para declarar, a petición dos mesmos, como concellos mineiros aqueles nos que exista ou existira unha dependencia da minaría para a súa economía. Estes concellos serán obxecto de medidas e planos de actuación específicos.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 536.000 EUROS NA CONEXIÓN DA AC-164 CO CENTRO DE RECUPERACIÓN DE MINUSVÁLIDOS FÍSICOS DE BERGONDO

- *Este novo acceso, de algo máis de 300 metros de lonxitude, contará con dous carrís de 3,5 metros de largo, dúas beiravías de 1 metro e unha senda peonil de 2 metros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da conexión da AC-164 co Centro de Recuperación de Minusválidos Físicos de Bergondo.

A CPTOPT investirá un total de 536.000 euros nesta infraestrutura, dos cales 386.000 euros se destinan á realización das obras e os 150.000 euros restantes ao pagamento das expropiacións necesarias.

Este novo acceso, de algo máis de 300 metros de lonxitude, contará con dous carrís de 3,5 metros de largo, dúas beiravías de 1 metro e unha senda peonil de 2 metros.

A Consellería de Política Territorial considera que se trata dunha actuación necesaria que resolverá a problemática da falta de accesos a este centro e contribuirá a garantir a seguridade viaria na zona.



A XUNTA CONVOCA DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES NO ÁMBITO DA CIENCIA

- *O Consello da Xunta autorizou a convocatoria de dúas bolsas para formación de titulados universitarios cun orzamento de 26.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe as bases da convocatoria pública de dúas bolsas de formación en planificación e investigación en materia de igualdade de oportunidades no ámbito da ciencia. A través destas bolsas, o Goberno galego pretende ofrecerlles aos titulados universitarios superiores ou medios unha formación práctica en contacto cos organismos, institucións e centros directivos da administración pública galega que traballan no eido da igualdade de xénero.

O orzamento dedicado a estas dúas bolsas ascende a 13.000 euros cada unha delas e a duración das actividades formativas será de doce meses. O obxectivo desta iniciativa é formar profesionais que poidan aplicar os coñecementos adquiridos durante este período de formación no tocante á planificación e investigación en materia de igualdade, na súa vida profesional e deste xeito promover a integración da igualdade de xénero nos ámbitos en que desenvolvan o seu traballo.

Ademais da percepción económica mensual, as persoas que obteñan a bolsa terán dereito a un seguro de asistencia sanitaria e de accidentes. O prazo para a presentación de solicitudes e da documentación indicada nas bases da convocatoria será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia.

Para a avaliación das solicitudes admitidas constituirase unha comisión de avaliación integrada por representantes da Secretaría Xeral de Igualdade. As persoas que se presenten como candidatas para a obtención das bolsas deberán presentar un proxecto de traballo sobre a muller e a ciencia na sociedade, así como realizar unha entrevista persoal. Os beneficiarios das bolsas realizarán accións de formación nas dependencias da Secretaría Xeral da Igualdade, en Santiago de Compostela, baixo indicación de titores asignados para o efecto.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 700.000 EUROS A PROGRAMAS DE ATENCIÓN A PERSOAS XORDAS, XORDO-CEGAS OU CON DISCAPACIDADE AUDITIVA

- *Con este convenio, durante o ano 2007, a Federación ofrecerá o servizo de intérpretes de lingua de signos e desenvolverá un servizo de atención a persoas xordas, xordo-cegas e con discapacidade auditiva*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, (FAPXG), para a realización de diferentes programas destinados á atención de persoas xordas, xordo-cegas ou con discapacidade auditiva. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará con 721.000 euros o Programa de Atención a Persoas Xordas Residentes na Comunidade Autónoma.

Con este convenio, durante o ano 2007 a Federación ofrecerá o servizo de intérpretes de lingua de signos e desenvolverá o SAP, un servizo de atención a persoas xordas, xordo-cegas e con discapacidade auditiva. Este inclúe a orientación e asesoramento sobre recursos sociais dos que se poden beneficiarse, a atención psicolóxica en lingua de signos, o deseño e a execución de actividades que dean resposta ás necesidades deste colectivo e campañas de sensibilización e información.

Ademais, este orzamento servirá para custear o servizo integral para persoas xordas, xordo-cegas e persoas con discapacidade auditiva, que inclúe iniciativas para favorecer a innovación tecnolóxica e os novos vivieros de emprego para a comunidade xorda, a execución de actividades de formación e a formación de formadores, o asesoramento ás familias, e un servizo de atención a persoas xordas no medio rural. No ámbito educativo, servirá tamén para traballar na elaboración de materiais didácticos e de divulgación e no deseño de proxectos piloto que redunden na mellora da calidade educativa do alumnado xordo, e permitirá ofrecer servizos de apoio a escolares xordos.



A XUNTA APROBA OS COMPLEMENTOS ECONÓMICOS QUE BENEFICIARÁN A 1.500 TRABALLADORES DOS CENTROS DEPENDENTES DA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- *O persoal poderá percibir complementos en función da singularidade do posto en concepto de responsabilidade, por penosidade, por perigosidade, e por especial dedicación*
- *Este departamento autonómico e os comités de empresa acordaron estas compensacións o pasado mes de decembro*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe as asignacións de complementos salariais para o persoal da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e dos seus centros dependentes en función da singularidade dos postos de traballo, que se pagarán logo de que se efectúe unha relación de postos de traballo, aprobada hoxe. O departamento autonómico destinará a estes complementos algo máis de 2 millóns de euros, que financiarán 2.118 complementos en concepto de especial dedicación, perigosidade, responsabilidade, penosidade ou dirección, dos cales se beneficiarán 1.507 traballadores.

Estes complementos, que por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar foron negociados ao longo do 2006 e acordados entre o departamento autonómico e os comités de empresa o pasado 29 de decembro, suporán para os traballadores da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e dos seus centros dependentes a percepción de contías económicas medias de 900 euros en concepto de responsabilidade, de 950 por penosidade, de 950 por perigosidade, e de entre 1.500 e 8.000 por especial dedicación, dependendo dos postos.

A aprobación destes complementos suporá tamén igualar os dereitos de todos os membros dos cadros de persoal, posto que algúns empregados percibían xa estas pagas ao amparo de sentenzas xudiciais. Con esta medida, conseguirase a homoxeneidade e a coherencia para a mesma tipoloxía de centros e unidades administrativas.

En total, 473 traballadores beneficiaranse de complementos pola responsabilidade que implican os seus postos, 39 verán compensada a súa especial dedicación, 349 percibirán complementos en concepto de perigosidade, e 1.259 por penosidade.



A XUNTA FINANCIARÁ CON 842.000 EUROS A FORMACIÓN DE PESCADORES ARTESANAIS A TRAVÉS DO PLAN DE APOIO Á PESCA ARTESANAL EN CENTROAMÉRICA

- *A Dirección Xeral de Cooperación Exterior destinará fondos nos vindeiros tres anos a este programa*
- *Comercialización, promoción e consumo, ambiente e investigación, así como desenvolvemento normativo e fortalecemento institucional, son as liñas de actuación do plan de formación*
- *O proxecto desenvolverase en Honduras, Nicaragua, Panamá, Belice, o Salvador, Guatemala e Costa Rica a través da Organización Pesqueira e Acuícola do Istmo Centroamericano (OSPESCA)*

A Xunta executará a través do Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) un programa de formación profesional de pescadores artesanais en Centroamérica, tal e como aprobou o Consello da Xunta na súa reunión desta mañá. Este proxecto enmárcase nunha actuación de máis longo alcance, o Programa rexional de pesca en Centroamérica, elaborado conxuntamente pola Axencia Española de Cooperación Internacional e a Dirección Xeral de Cooperación Exterior, que pretende dar resposta ás necesidades dos parceiros para reverter a situación de carencias formativas detectadas en toda a cadea pesqueira.

Con este fin, o Goberno galego destinará ata 2009, 842.000 euros a programas que teñen como obxectivo capacitar os pescadores centroamericanos para facer da pesca artesanal o motor de desenvolvemento das súas comunidades. En concreto, en 2007, o orzamento destinado ascenderá aos 316,500 euros, mentres que nos anos 2008 e 2009 o Goberno galego destinará a este programa 361.500 euros e 164.000 euros, respectivamente. O proxecto levarase a cabo en colaboración cos gobernos locais e a Organización Pesqueira e Acuícola do Istmo Centroamericano (OSPESCA), integrada polos ministros, viceministros e directores de pesca e acuicultura da rexión.

Tres niveis de actuación

Este programa de formación consta de tres niveis, en función do grupo ao que vaia dirixido. Un dos niveis está destinado ao persoal técnico responsable das administracións con competencias na ordenación e regulación do sector pesqueiro. O segundo está orientado a incrementar os coñecementos e capacidades dos formadores pertencentes aos sete países onde se desenvolve o proxecto, de xeito que os formadores adquiran os coñecementos suficientes para poder transmitilos aos pescadores e ao conxunto do sector produtivo artesanal.

As comunidades pesqueiras artesanais constitúen o terceiro dos sectores aos que vai destinado este plan. En concreto, o obxectivo é incrementar as capacidades e



coñecementos dos integrantes do sector pesqueiro artesanal (extractores, recolectores, procesadores, comercializadores...). Esta formación contribuirá a lograr a profesionalización e o recoñecemento social da actividade pesqueira, de modo que as persoas que exerzan esta profesión vexan valorado o seu traballo.

Pesca artesanal

A pesca e a acuicultura son para unha parte importante da poboación centroamericana a fonte de subsistencia e o medio a partir do cal acceder a mellores condicións materiais e de vida, xa que o sector facilita oportunidades de xeración de emprego e beneficio para as empresas que se involucran nesta actividade. América Central conta con 6.526 quilómetros de litoral e, a excepción do Salvador e Belice, todos os países teñen costa no océano Atlántico e no Pacífico, polo que teñen na pesca un importante recurso. A rexión centroamericana tamén conta con gran cantidade de lagos, lagoas e ríos nos cales existe unha significativa actividade pesqueira que contribúe á oferta de alimento na rexión.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ MÁIS DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DOS ACCESOS A CASTRELO DE MIÑO

- *O Consello da Xunta autorizou o gasto para acondicionar as estradas OU-402 e OU-403*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 3.540.002 millóns de euros en obras de mellora dos accesos a Castrelo de Miño, que inclúe o acondicionamento das estradas OU-402 Castrelo de Miño-Ponte Castrelo e OU-403 Ponte Castrelo-Valdepereira, que suman un percorrido de 3,4 quilómetros e atravesan os termos municipais de Castrelo de Miño e Ribadavia.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto, repartido en tres anualidades ata o ano 2009, para levar a cabo as mencionadas obras, que contribuirán á mellora da seguridade viaria na zona e á redución dos tempos de percorrido. O orzamento autorizado hoxe cingúese exclusivamente á execución das obras, xa que non inclúe a partida destinada a expropiacións e reposición de servizos afectados.

O novo trazado discorrerá na súa meirande parte pola traza existente actualmente, aínda que se construírán pequenos treitos en variante para rectificar algunhas curvas, e se executará unha nova ponte sobre o río Miño.

O proxecto construtivo recolle a mellora e ampliación da OU-402 nas inmediacións do núcleo do Pazo, comunicando as localidades de Padreiro, A Ponte e Castrelo de Miño ata cruzar o Miño a través da ponte de nova construción. A partir de aí, as obras continuarán pola estrada OU-403 paralela ao encoro ata o núcleo de San Paio, nas inmediacións de Valdepereira.

Una vez rematadas as obras, a estrada OU-402 quedará cunha plataforma total de 7 metros de largo formada por dous carrís de 3 metros cada un e dúas beiravías de 0,50 metros. A estrada OU-403 terá 8 metros de largo constituídos por dous carrís de 3,50 metros e dúas beiravías de 0,50 metros. Pola súa banda, o viaduto sobre o río Miño disporá dunha calzada de dous carrís con 4 metros cada un deles.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UNHA EXPLOTACIÓN MINEIRA EN FOLGOSO DO CAUREL

- *O permiso cínquese exclusivamente á zona de explotación situada fóra dos límites do espazo natural "Os Ancares-O Courel"*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, outorgou á empresa Cupire-Padesa, titular da explotación mineira "C.E. La Campa nº 5367.2" localizada no termo municipal de Folgoso do Courel, a autorización previa á licenza municipal para as actividades extractivas existentes no seu ámbito.

A dita autorización refírese estritamente ás zonas de explotación incluídas dentro do ámbito da declaración de impacto ambiental efectuada pola Consellería de Medio Ambiente en 2004 e que, en todo caso, están situadas fóra dos límites do espazo natural "Os Ancares-O Courel".

A autorización previa á licenza municipal é un dos requisitos da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que establece que as explotacións mineiras e as actividades extractivas de recursos minerais en activo no momento da entrada en vigor da dita lei, localizadas en solo rústico especialmente protexido, poderán continuar a súa actividade nos ámbitos para os que dispoñen de licenza urbanística municipal. Non obstante, cando non contén coa preceptiva licenza municipal, para continuar a súa actividade ou ampliar a explotación deberán obtela, logo da autorización do Consello da Xunta, oída a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Será o Consello da Xunta quen valore a compatibilidade ou non da explotación cos valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes.

Esta explotación conta con informes favorables emitidos polas Consellerías de Sanidade, de Innovación, Industria e Comercio, de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.



MEDIO RURAL ELABORA O DECRETO QUE REGULA A APLICACIÓN DA TAXA LÁCTEA EN GALICIA

- *Aplicarase ás produtoras e produtores galegos que teñan unha explotación ou o maior número de animais dedicados á produción láctea e aos profesionais que desenvolvan a actividade de transporte de leite ou produtos lácteos no noso país*
- *Recolle a creación do rexistro público de compradores autorizados da Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto elaborado pola Consellería do Medio Rural para regular a aplicación do réxime da taxa láctea en Galicia xestionada polo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), que establece a creación dun rexistro de compradores autorizados.

O decreto aplicaráselles ás produtoras e aos produtores galegos que teñan unha explotación láctea ou o maior número de animais dedicados á produción láctea, ás compradoras e aos compradores de leite e industriais con sede social en Galicia e aos profesionais que desenvolvan a actividade de transporte de leite ou produtos lácteos no noso país.

O FOGGA será o órgano competente encargado da xestión, control e recadación da taxa. O decreto precisa as cuestións sobre o concepto e natureza da taxa, sinalando que é unha exacción parafiscal prevista na Lei xeral tributaria, que constitúe o feito imponible á produción e comercialización do leite polos produtores por riba da cota asignada, sempre que se supere a cantidade máxima do estado membro; a comercialización polos operadores sen acreditar documentalmente a súa orixe ou destino; a falta ou inexacta declaración do leite e a comercialización por compradores sen autorización. No sistema, os produtores son os contribuíntes da taxa e os compradores, os suxeitos pasivos substitutos obrigados ao pagamento e repercusión posterior. O decreto fixa o tipo de gravame para o período 2007/08 e posteriores en 27,83 euros por cada 100 litros de leite.

Creación dun rexistro público de compradores autorizados

Ademais, prevé a creación do rexistro público de compradores autorizados da Comunidade Autónoma, en que se inscribirán os seus datos e enderezo social. Especifica tamén os anexos de solicitudes, declaracións e demais documentación, que lle teñen que presentar os operadores do sector ao FOGGA.

Entre os sistemas de información e procedementos telemáticos, establécese o sistema de información SITASUP-CA en bases de datos informatizadas con toda a información relativa á xestión e control da taxa, garantindo unha inmediata correspondencia coa aplicación SITALAC que xestiona o Fondo Español de Garantía Agraria. En canto á previsión do uso de medios telemáticos para a presentación da



información polos operadores, habilitaranse no rexistro telemático da Xunta, os procedementos aos que terán acceso os operadores do sector a través da páxina www.xunta.es/sitalac.

Así, controlaranse altas e baixas de produtores de leite, declaracións mensuais de entregas diarias realizadas por produtores, declaracións trimestrais de compras a provedores, vendas a clientes, retencións mensuais á conta, declaracións anuais de compras de leite a provedores e vendas a clientes, declaracións anuais do uso de leite adquirido e existencias.



SANIDADE DESTINA 26 MILLÓNS DE EUROS AOS CONCERTOS DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS COMPLEMENTARIOS EN LUGO E OURENSE

- *Ambos os dous concertos, aprobados hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, aplicaranse ata o primeiro semestre do ano 2011*

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe autorizou dous expedientes de gasto para a contratación, por parte da Consellería de Sanidade, da prestación de servizos sanitarios complementarios por parte do Sanatorio Policlínico Lucense (Polusa), e Nosa Señora dos Ollos Grandes, por un importe de 14.740.019 e 12.205.000 euros, respectivamente. Esta contratación abrangue dende o segundo semestre deste ano, ata o primeiro semestre do ano 2011.

Desagregada por anos, a contía global de preto de 15 millóns que percibirá Polusa pola prestación de servizos sanitarios complementarios aos beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde en Lugo, distribúese do seguinte xeito: 1.450.000 euros para o segundo semestre do presente ano, 3.283.019 no 2008, 3.775.000 no 2009, 4.158.000 no 2010 e, por último, 2.074.000 euros no primeiro semestre do 2011.

Polo que atinxe ao centro Nosa Señora dos Ollos Grandes, en Ourense, os preto de 12 millóns de euros que percibirá os seguintes anos divídense do seguinte modo: 1.200.000 no segundo semestre de 2007, 2.717.000 no 2008, 3.125.000 no 2009, 3.442.000 no 2010 e, por último, 1.721.000 euros polo primeiro semestre de 2011.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA PRETO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE DROGAS QUE SE REALIZARÁN EN COLABORACIÓN CON 110 CONCELLOS

- *Para tal efecto, Sanidade investirá 936.000 euros no presente ano e 494.000 no 2008*
- *Sanidade fai coincidir estas axudas co calendario escolar, polo que estes convenios terán carácter bienal*

O Goberno galego autorizou hoxe á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde a subscribir convenios con 110 concellos de Galicia para o cofinanciamento de Programas de prevención de drogodependencias, con vixencia ata o 30 de xuño de 2008.

A cantidade que investirá este ano e o seguinte o departamento Sanidade para esta iniciativa é de 1.431.265 euros, dos cales 936.619 corresponden ao 2007 e 494.646 forman parte do orzamento do 2008. Pola súa banda, os concellos achegan 658.460 euros.

Área prioritaria

A Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias do Servizo Galego de Saúde é o órgano administrativo que se ocupa da planificación e xestión dos programas do Plan de Galicia sobre Drogas. Ademais, é tamén responsable de asesorar, coordinar e supervisar as directrices e accións que se desenvolvan no ámbito da Comunidade Autónoma en materia de drogodependencias, establecendo a planificación de obxectivos, prioridades e estratexia de actuación.

O novo Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009 recolle como unha das áreas prioritarias de intervención a prevención do consumo de drogas. Para iso, realízanse actividades preventivas nos ámbitos de información e sensibilización, familiar, xuvenil, laboral e comunitario, ademais de actividades de formación ocupacional e preformación e capacitación laboral tendentes á incorporación social de drogodependentes.

Tendo en conta que a maior parte da actividade preventiva se desenvolve no ámbito educativo, Sanidade considera conveniente establecer a periodicidade das actuacións segundo o calendario escolar. Polo tanto, asínase un convenio de carácter bienal para o presente ano e ata xuño do seguinte, para, deste xeito, garantir a continuidade das accións no ámbito educativo.

Gran parte destas actuacións realízanse a través de convenios de cooperación con concellos para o cofinanciamento de programas de prevención e/ou incorporación social destes pacientes. Ademais, Sanidade destina tamén, no orzamento deste ano



un total de 1.040.013 euros, a convenios con asociacións sen ánimo de lucro (ONGs), para este mesmo fin preventivo e de incorporación social.



A XUNTA INVESTIU 2.300 MILLÓNS DE EUROS EN 2006, UN 5,3 POR CENTO MÁIS QUE O EXERCICIO ANTERIOR

- *A boa situación da economía galega permitiu o incremento de 385 millóns nos ingresos non financeiros, un 8,5% máis do ano 2005*
- *A eficacia dunha xestión baseada na transparencia, e no rigor e control orzamentario permitiu cumprir cos compromisos, culminar a absorción dos gastos desprazados de anos anteriores e reducir a débeda mellorando os ratios por segundo ano consecutivo*
- *A Xunta acadou un superávit non financeiro de 87,9 millóns de euros grazas ao rigor orzamentario e ao incremento dos ingresos pola boa situación económica*
- *O forte saneamento das finanzas públicas permitiu a mellora do rating da comunidade o pasado mes de abril ata o nivel AA de Standard & Poors*
- *O excelente comportamento dos ingresos permitiu superar as previsións orzamentarias e cumprir os obxectivos de crecemento do PIB (4,1% fronte ao 3,4% previsto) e emprego*

A Xunta de Galicia culminou o exercicio 2006 cuns investimentos de 2.300 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,3% respecto do ano anterior. Así se recolle no informe sobre a execución orzamentaria do pasado ano presentado no Consello e no cal se destaca que a Administración galega cumpriu folgadoamente as previsións orzamentarias, acometeu un forte saneamento das finanzas públicas e acadou un elevado nivel de execución orzamentaria do 92,4%. O resultado acadado responde á política de control do gasto público, da procura da eficacia e a eficiencia neste, e de transparencia na xestión dos programas. Ademais, a boa situación económica de Galicia traducíuse nun sobrecumprimento dos obxectivos orzamentarios en termos de crecemento e emprego, e en termos de ingresos, o que permitiu un incremento dos ingresos non financeiro de 385 millóns de euros, un 8,5% máis que en 2005.

O excelente comportamento dos ingresos permitiu superar as previsións orzamentarias e cumprir os obxectivos de crecemento do PIB (4,1% fronte ao 3,4% previsto) e emprego. O incremento dos ingresos non financeiros do orzamento consolidado ascenderon, segundo explicou, a un 8,5% con respecto ao do exercicio 2005 e a un 4,1% con respecto ao previsto no orzamento inicial, acadando a cifra de 9.782 millóns de euros. Ademais, os ingresos correntes (10,1%) creceron por riba dos gastos correntes (8,5%) permitindo elevar o aforro (1.542 millóns de euros) en máis dun 18% sobre a liquidación anterior. O positivo comportamento dos ingresos radica fundamentalmente na boa evolución da economía galega –que continúa no presente exercicio cunha taxa de crecemento do PIB do 4,2% no primeiro trimestre- e tamén na mellora da xestión dos ingresos por impostos cedidos á Comunidade. Neste sentido, estanse a mellorar os sistemas de xestión mediante procesos de



informatización e de autoliquidación tributarios. Os ingresos tributarios e as transferencias correntes foron os principais responsables do crecemento dos ingresos.

En relación ao plan de saneamento financeiro da Comunidade para o período 2004-2007, salienta o cumprimento deste grazas á política de control orzamentario e rigor, que permitiu un forte saneamento das finanzas públicas. Isto, ademais, viuse avalado pola mellora do *rating* da comunidade, xa que o pasado mes de abril a axencia de cualificación Standard & Poor´s elevou o *rating* de Galicia do nivel 'AA-' ata o nivel 'AA', pola sólida xestión orzamentaria, o decrecente nivel de débeda, e a prudente xestión financeira.

Destaca tamén a significativa redución da débeda sobre o orzamento inicial, xa que o incremento real do endebedamento neto orzamentario foi de 23 millóns fronte 147; é dicir, 124 millóns menos do previsto. Isto tradúcese no feito de ter diminuído a porcentaxe de débeda sobre o PIB dende o 7,7% a 31 de decembro de 2005, ao 6,9% co que rematou 2006.

En resumo, a situación financeira a 31 de decembro de 2006 caracterízase por unha boa situación económica; un crecemento dos ingresos; un avance no saneamento financeiro; unha mellora nos ratios de endebedamento; e un elevado grao de execución orzamentaria do 92,5%. O superávit non financeiro do exercicio acadou os 87 millóns de euros.



AS FUNDACIÓNS SANITARIAS QUEDARÁN DEFINITIVAMENTE DISOLTAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2008

- *Así o recolle o informe presentado hoxe pola conselleira de Sanidade ao Consello da Xunta de Galicia sobre o procedemento adoptado para proceder á súa liquidación*
- *O proceso de disolución xa comezou co saneamento íntegro da súa débeda e coa aprobación do decreto que regula a integración do persoal das fundacións no Servizo Galego de Saúde*
- *Aínda que a extinción é un proceso complexo, os aspectos de liquidación destas institucións vense simplificados por se ter iniciado e pactado coas organizacións sindicais o procedemento de integración do persoal*
- *O patrimonio das fundacións reverterá integramente no Servizo Galego de Saúde*

A conselleira de Sanidade informou hoxe o Consello da Xunta do procedemento adoptado para a liquidación e disolución das fundacións sanitarias ata agora dependentes da Consellería de Sanidade. Este proceso iniciado xa co saneamento da débeda destas fundacións, que sumaban máis de 16 millóns de euros, e da aprobación do decreto que regula o marco en que se producirá a integración do persoal no Servizo Galego de Saúde, culminará no primeiro semestre de 2008.

A disolución das fundacións sanitarias e a súa integración no Servizo Galego de Saúde é un dos compromisos do Goberno galego que se está a cumprir dentro dos prazos legalmente establecidos e que, neste caso, se está a realizar co coñecemento e acordo da representación dos traballadores e traballadoras destas institucións sanitarias.

O proceso de disolución destas fundacións constitúe un procedemento complexo que exige a formalización dun acordo de extinción por parte de cada padroado de cada fundación; e a tramitación dun decreto que aprobe a súa extinción por parte do Consello da Xunta de Galicia.

Correspóndelle tamén ao Consello da Xunta acordar o nomeamento dunha comisión de liquidadores. Realizadas as operacións de liquidación inscríbese finalmente a extinción no Rexistro de Fundacións da Consellería de Sanidade.

No informe indícase que, aínda que a extinción é un proceso complexo, os aspectos de liquidación destas institucións vense simplificados por terse iniciado e pactado coas organizacións sindicais o procedemento de integración do persoal.

Polo tanto, os trámites para proceder á disolución das fundacións serán os seguintes: acordo de extinción, que se producirá antes do verán, decreto de extinción, comisión



liquidadora, proposta de liquidación, liquidación, e, por último, inscrición da extinción no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

A conselleira de Sanidade apuntou tamén que o patrimonio e os bens de que dispoñen estas fundacións pasarán a integrarse no patrimonio do Servizo Galego de Saúde.

Este proceso afecta os hospitais Virxe da Xunqueira, en Cee; da Barbanza, en Ribeira; de Verín; do Salnés, en Vilagarcía de Arousa; así como a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica; a Fundación Centro de Transfusión de Galicia; a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061; a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, e a empresa pública Instituto Galego de Medicina Técnica, Medtec.